



VIAXE AO REINO DAS EMOCIONS

PROPOSTA PARA A
EDUCACION EMOCIONAL
INFANTIL

FILMOGRAFÍA
COMPLEMENTARIA



meniños


ÍNDICE

Conciencia emocional.....	3
Autoestima.....	4
Regulación emocional.....	6
Empatía.....	8
Habilidades socioemocionais.....	13
Resolución de conflictos	16

FILMOGRAFÍA

Neste documento preséntase unha selección de curtas ou extractos de películas que permiten traballar as competencias recollidas no proxecto de educación emocional *“Viaxe ao reino das emocións”* da Fundación Meniños, e que complementan o material do mesmo. Os epígrafes nos que se clasifican correspóndense coas competencias emocionais nas que está estruturado o proxecto: conciencia emocional, autoestima, regulación emocional, empatía, habilidades socioemocionais e resolución de conflitos.

Nos casos que o contido é accesible en plataformas como Youtube ou Vimeo, pódese consultar premendo sobre a imaxe.




Extractos de películas "Las emociones en situaciones"

Extractos de películas infantiles que permiten identificar emociones.



Extractos de películas "Emociones Disney Pixar"

Extractos de películas infantiles que permiten identificar emociones.



Extractos de películas "The many emotions of Disney-Pixar films"

Extractos de películas infantiles que permiten identificar emociones.



Introducción da película "Del revés"

Inicio da película, onde se presentan as emocións protagonistas.



Vídeo "Rock de las emociones"

Vídeo do proxecto Emoticantos de César García - Rincón de Castro onde se traballa o recoñecemento de emocións e a empatía, entre outros temas.



Curta "Alike"

Unha curta que fala do que imprime cor e alegría ás nosas vidas, pero que permite reflexionar sobre moitos temas. No campo que nos ocupa, pode abordarse dende a óptica de valorar a singularidade de cada persoa, pero tamén dende a empatía.



Curta "La oveja esquilada"

A ovella está triste porque a tosquiaron, e sen o seu pelo síntese incompleta, xa que era o seu orgullo, pero o coello faille ver que iso non é o importante. Unha divertida curta para traballar a autoestima e a resiliencia.



Curta "La ranita"

Dúas rás quedan atrapadas nun buraco, e as súas compañeiras preocupápanse porque cren que non poderán saír. Pero as súas mensaxes non chegan a unha delas, porque é xorda, e o intenta ata que o consegue. Unha mensaxe sobre a importancia de crer nas propias capacidades, a influencia que teñen as palabras dos demais nas nosas accións e o decisivo da motivación. En inglés subtulado.




Curta "Scarlett"

Nesta curta amósase a historia de Scarlett, que perdeu unha perna por causa dunha enfermidade, e de como aprendeu grazas á perseverancia, a confianza e ao apoio recibido a superar a situación. O vídeo mostra a adquisición de sentimentos de competencia e confianza, e tamén traballa a resiliencia e a empatía.



Curta "Tamara"

Tamara é unha nena con xordeira á que lle gusta bailar. Unha curta sobre as propias capacidades e a forza da ilusión, que tamén permite traballar o afán de superación e o ir máis alá dos propios límites.



Curta "Zebra"

Cando choca cunha árbore, a cebra perde as súas características raias. Primeiro enfádase e intenta arranxalo, e despois asústase ao ver que non mellora. Sen embargo, finalmente a súa diferenza é apreciada polas súas compañeiras e ela aprende a apreciarse a si mesma co seu novo corpo.



Curta "Knit to the last day of my life"

Nesta curta unha muller tece unha longuíssima bufanda e mantense fiel ao seu obxectivo a pesar das dificultades, e incluso cando estas resultan perigosas. A mensaxe a transmitir é que, se ben ter obxectivos é importante, hai que saber recoñecer o momento no que hai que superar a inercia e abandonar.



Curta "How to wait for a very long time"

Un vídeo que permite traballar varios conceptos, como o de saber apreciar as recompensas que nos depara a vida, aínda que non sexan as que agardamos, pero tamén a importancia de cambiar os obxectivos persoais cando non son axeitados.



Vídeo "Espacio me tranquilizo"

Esta canción pertence ao proxecto "Emoticantos", de César García - Rincón, e fala de cómo tranquilizarse cando se está enfadado.



Vídeo "Solo respira"

Un vídeo onde nenos e nenas explican como senten o enfado e como fan par afrontalo dende a calma. Está en inglés subtulado.




Vídeo "La tortuga"

Neste vídeo explícase a técnica da tartaruga, útil para traballar o autocontrol nos momentos de enfado.




Vídeo "El árbol encantado"

Narración de 15 minutos que axuda á relaxación en nenos e nenas, estimulando a concentración, a imaxinación e a memoria. Hai videos similares dentro da mesma canle.



Capítulo "Seguidme" de Caillou.

Capítulo da serie infantil Caillou no que o protagonista aprende a ver o mundo a través dos ollos do seu compañeiro con autismo.




Curta "Balea"

Ás veces podémosos equivocarnos al xulgar as intencións dos demais, guiándonos polas aparencias. Esta balea só quere xogar, pero polo seu tamaño asusta aos demais habitantes do mar, ata que un paxaro confía nela.



Curta "Cuerdas"

Nico chegou novo á clase de María. Ninguén lle fai moito caso porque é moi calado, non corre, non salta... Nico é un neno moi especial, pero María sabe ver máis alá que os demais e inventa a maneira de xogar con el ao fútbol, ás palmas. Unha historia sobre a amizade e a discapacidade. A partir de 6 anos.



Curta "Dust buddies"

Unha simpática curta para traballar a amizade e a empatía. O po destaca casa cobra vida en forma de coellos que viven das sobras do chan, ata que chega a aspiradora...




Curta "El regalo"

Un rapaz recibe como agasallo un can, pero fáltalle unha pata, así que ao principio rexéitao. Unha curta sobre a aceptación.




Curta "El pez feliz"

Esta curta amosa a relación entre un home solitario e os seu peixe mascota, deixando unha clara mensaxe de empatía.




Curta "En chœur"

Neste coro, todo o mundo canta grazas as súas dúas pequenas antenas redondas. Máis unha das criaturas non canta como os outros por ter tres antenas. Unha curta para abordar o tema da diferenza.



Curta "In a heartbeat"

O primeiro amor entre dous nenos protagoniza esta curta, cunha mensaxe de empatía e respecto.




Curta "La empatía"

Un vídeo no que se amosa a importancia de saber poñerse no lugar das demais persoas.



Curta "La flor más grande del mundo"

Baseado nun texto homónimo de José Saramago, e narrado polo mesmo autor, esta curta chea de simbolismos tamén pode ser interpretada dende a empatía.



Curta "La gallina o el huevo"

Esta curta conta a historia dun porco ao que lle apaixona comer ovos. Pero un día namórase dunha galiña e terá que elixir: o ovo ou a galiña?




Curta "La parábola de la mantis"

Unha eiruga é capturada e introducida nun tarro de cristal. A mantis, que a ve, non a axuda, pero lémbrese dela cando é capturada un tempo máis tarde.




Curta "Lamb"

A familia cordero está sorprendida polo diferente que é o novo membro: ladra en lugar de berrar, non come herba e ademais prefere a lá de cores! Pero finalmente entenden que hai que saber aceptar que cada membro pode ser diferente e hai que aceptar a cada quen como é.




Curta "Palabras en el aire"

Unha palabra de ánimo é sempre benvida... inda que non sexa o destinatario correcto. Unha curta que nos transmite a importancia de interesarse por outras persoas.



Curta "Oktapodi"

Unha divertida curta na que se narra o amor entre dous polbos e as dificultades que se afrontan para estar xuntos. A amizade, o amor e a empatía son os valores que se visibilizan neste vídeo.




Curta "Pajaritos"

Un paxaro grande intenta unirse a un grupo de aves máis pequenas sentadas nun cable telefónico. Unha curta que serve para falar das diferenzas e da importancia de respectalas sen rirse de ninguén.



Curta "Rato en venda"

Ninguén quere o pequeno rato porque é diferente e ten unas orellas moi grandes... ata que chega un neno que se sente identificado con el.



Curta "Reach"

O protagonista desta curta está no deserto e ten moita sede, así que cando aparece unha nube aproveita para coller auga... pero a nube desprázase máis alá do precipicio, e aínda precisa beber. Unha mensaxe de altruísmo finaliza a curta, que tamén pode ser tratada dende a óptica da empatía.



Curta "The misguided monk"

Sinxela curto para traballar a amizade, onde a aparición dun can irrompe a práctica dun monxe.



Curta "Think positively"

Olaf perdeu a súa cenoura nun esbirro... pero o reno Sven tamén quere conseguila, porque é a súa comida favorita. Unha curta dos personaxes de Frozen que serve para traballar a empatía e tamén para non prexulgar as actitudes das demais persoas.



Curta "El hombre orquesta"

A rivalidade e a competición entre dous homes orquestras pola moeda dunha nena non chega a bo fin. Unha curta que nos permite reflexionar sobre que ocorre cando mantense en enfrontamento en lugar de cooperar por un fin común.



Curta "El puente"

Un sinxelo vídeo para introducir temas como a cooperación e o traballo en equipo.



Curta "Farmony"

Un corto para traballar o valor da diferenza, e como integrando a quen é distinto enriquecese o conxunto.



Curta "Le vilain petit carré"

No mundo dos cadrados aparece de repente un bebé círculo. A súa adaptación non é fácil, pero cando fai un amigo xuntos amosan que as diferenzas enriquecen.




Curta "Lou"

Cando un ladrón de xoguetes arruína o recreo nun colexio, só hai unha cousa que se interpón no seu camiño: a caixa de obxectos perdidos.



Curta "Monsterbox"

Unha historia sobre a amizade da que se pode aprender a a rectificar os erros.



Curta "Partly cloud"

As nubes son as encargadas de "fabricar" os bebés e cachorros, que son entregados ás súas familias coa axuda das cegoñas. Pero hai unha nube diferente a todas as demais que fabrica bebés distintos... Esta curta amosa o valor da amizade e que hai que aceptar ás persoas tal e como son.



Curta "Piedra, papel, tijera"

Unha sinxela curta que trata o tema do acoso escolar.



Curta "Presto"

Un mago e o seu coello non son capaces de comunicarse de maneira asertiva... ata que ao final xurde a empatía e ambos conseguen o seu obxectivo.




Curta "Perropollo. Trabajo en equipo"

Perropollo quiere xogar ao baloncesto pero a súa pequena estatura non lle permite encestar. Un vídeo para falar sobre o traballo en equipo.



Curta "Trabajo en equipo: pingüinos, hormigas y cangrejos"

Un vídeo publicitario que contén unha mensaxe moi importante: cooperando somos máis fortes e obtemos mellores resultados.



Extracto da película "Nemo"

Neste extracto pódese ver a importancia de traballar en equipo: se somos equipo e nadamos na mesma dirección pódense alcanzar obxectivos que individualmente serían inalcanzables.



Curta "La rama de olivo: dormir"

Estes dous personaxes teñen intereses distintos que parecen incompatibles, pero falando chegan a unha solución.



Curta "Camaleon"

Todos os camaleóns saben cambiar de cor, e con iso fan o mellor dos espectáculos... Salvo un, que fai unha actuación estelar grazas a súa creatividade. Para traballar a resolución creativa de conflitos e a autoestima.



Curta "La luna"

Tres xeracións da mesma familia van traballar nunha labor moi peculiar: limpar as estrelas que caen sobre a lúa. Avó e pai tratan de impoñer o seu criterio ao fillo no seu primeiro día, pero ante un feito inesperado será a creatividade do máis novo a que permitirá resolvelo.



Curta "Piper"

Unha curta para traballar a resiliencia e a cretividadade para resolver problemas.



Curta "Una lección nublada"

Unha curta para traballar a creatividade ante un problema ou conflito, así como para aprender a xestionar a frustración cando as cousas non saen como se espera.